

A vida detrás versos

BD Achega a Novoneyra dende o lirismo en banda deseñada

Ao abeiro da dedicatoria do Día das Letras Galegas chega o álbum *A voz herdada*, con debuxo de David Rubín e guión de Kike Benlloch. Pero a mestría destes dous autores vai máis alá da típica publicación institucional e conseguen elaborar un álbum único no que atopamos unha fermosa reflexión sobre a poesía e os lectores.

Lendo *A voz herdada* descubrimos que detrás dos bos poemas nunca están os poetas. A dose de verdade que a poesía precisa é incompatible con este truco que tal vez se poidan permitir outros xéneros. Os bos versos, os nados para cruzar séculos e fronteiras, a quen teñen realmente detrás é aos lectores. Eles están no texto cada vez que o len, son o seu protagonista, a súa trama, a súa realidade e, por iso, o poema é na súa experiencia. Esa virtude, exactamente esa, fai grandes os poemas e inmortal os seus autores.

Benlloch e Rubín tamén son grandes e os dous teñen moito de poetas. Tal vez ese enorme lirismo que posúen é a razón pola que teceron tan ben esta historia en que explican con lucidez xenial a rela-

Uxío Novoneyra:

a voz herdada

Kike Benlloch,

David Rubín (Il.)

Xunta de

Galicia, 2010

52 páx · 0 euros



ción entre o lector, o poema e o autor. O álbum é un excelente xeito de comprender a Novoneyra, un traballo feito con elegancia e sen intención de contarnos a vida íntima de ninguén, o cal é un grande acerto porque a poesía non precisa biografías nin anécdotas. A boa poesía só se precisa a si mesma. E aos bos lectores.

Celes, o protagonista, é un bo lector, deses que cando atopan bos poemas, recoñécenos e gozan deles sen andar a preguntarse en que colexio estudou o seu autor, cal foi o seu primeiro coche ou se bebía fanta de laranxa ou de limón. Celes dá vida aos textos de Novoneyra cada vez que o seu maxín volve a eles á procura de si mesmo. Tampouco é un lector calquera porque, ademais, é o protagonista desta historia que

transcorre, sen el sabelo, paralela á do poeta, aínda que non é a do poeta. Iso si, Celes comparte co autor d'Os *Eidos* a vivencia dun tempo de loita social e resistencia, un forte sentimento de pertenza á terra que o viu nacer, que medra coa distancia e o coñecemento pero, por riba de todo, comparten a poesía.

Nós, coma Celes, chegamos a través destas páxinas a Uxío polos seus versos e é só desa maneira que o coñecemos. Dende o recitado en voz alta da primeira mocidade á reflexiva lectura da vellez, é a peripecia vital de Celes a que nos guía a través da súa traxectoria como escritor, permitíndonos, en ocasións, descubrir pequenos detalles da súa vida. Pero son cousas que non pretenden explicarnos a Novoneyra. Celes descóbrea sen propoñerse indagar a existencia de ninguén, case por casualidade; unhas poucas sábeas polo seu compañeiro de estudos, veciño do poeta; outras pola actividade pública do escritor, ao que segue dende lonxe; e as menos chéganlle polo círculo de amizades da súa muller. Non son moitas para debuxar unha vida, pero tampouco se precisa saber máis, porque para Celes –igual que para Rubín e Benlloch– a escrita é a verdadeira protagonista. A través dela o seu fío de unión co poeta é forte e verdadeiro. Mesmo hai quen dirá que son amigos, con esa clase de amizade que



Uxío Novoneyra, a voz herdada / David Rubín

se crea entre un lado e outro da literatura coma nun espello, esa que continúa máis alá da morte do poeta e para a que non fai falta verse

nunca. Basta con compartir o espazo da poesía. Ese no que habitan os bos lectores que, coma ti, dan vida a esta historia xenial. // **María Lado**